

ACTIVIDADE	ECOPARQUE E PARQUE DOS SENTIDOS
DESTINATARIOS	Toda a comunidade educativa
DATA DE CELEBRACIÓN	26 de marzo 2022
LUGAR DE CELEBRACIÓN	Ecoparque de Marín, parque dos sentidos e lago Castiñeiras
Nº ASISTENTES	111 nenos e nenas e 63 adultos
DATOS DE INTERESE	<p>Aprendemos a convivir mediante a realización duha actividade deportiva noutro concello.</p> <p>A actividade realizada foi una xornada no Ecoparque de Marín e no Parque dos sentidos na mesma vila. Na hora do almorzón nos xuntamos de novo no lago de Castiñeiras no que ademáis aproveitouse para coñecer mámoas e dólmenes da contorna.</p> <p>Coma actividade no ecoparque podía escoller entre facer circuito de tirolinas ou realizar un paseo e coidado de cabalos e ximcana; ou simplemente acompañar á rapazada namentres realizaba as actividades no ecoparque.</p> <p>Esta actividade foi moi especial porque foi a primeira actividade deste tipo que se realizaba dende a pandemia. Notábase que a rapazada e os adultos necesitaban deste tipo de actividades no exterior que dan lugar a facer vencellos entre familias, coñecerse, pasar un día en familia namentres se realizan actividades deportivas.</p>
AVALIACIÓN	<p>Esta actividade a levamos realizando durante varios anos pois gusta moito. Foi tal a cantidade de xente que enchimos a quenda da mañá e houbo que habilitar una quenda de tarde adicional.</p> <p>Coma incidencia comentar que houbo algunha baixa de última hora por culpa da covid, Xa están contempladas no reconto final de asistentes. O ecoparque fíxonos un abono desas persoas, polo que na xustificación do importe. Repetiremos de seguro.</p>

